



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

FICHA DE AXUDA

ENTIDADE (Código da ficha)

IGAP160 - IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

IG178 - AXUDA COMPLEMENTARIA AO PLAN RESOLVE PARA O SECTOR DO COMERCIO POLO MIÚDO

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

Tramitación dunha liña de compensación dos xuros asociados ao financiamento obtido polos autónomos e microempresas do sector do comercio polo miúdo, mediante a liña de circulante subsidiado e avalado para autónomos e microempresas (Plan Re-solve).

3. TIPOS DE APOIO

Liña de compensación de xuros en réxime de concorrencia non competitiva.

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

Poderán acceder ás axudas previstas nestas bases as microempresas e autónomos beneficiarios do Plan Re-Solve que desenvolvan algunha das actividades recollidas nos seguintes epígrafes do CNAE 2009:

45 - Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas coa exclusión da actividade 45.31.-Comercio por xunta de recambios e accesorios de vehículos de motor.

47 - Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas.

Os beneficiarios terán que estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma de Galicia e cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no seu regulamento, para seren beneficiarios da axuda.

5. SECTORES INCENTIVABLES

Comercio polo miúdo.

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

-

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

-

8. INVESTIMENTOS E/OU GASTOS COMPUTABLES

-

9. CONTÍA DAS AXUDAS

O Igape compensará o tipo de xuro das operacións acollidas ás presentes bases mediante unha axuda adicional do 2,5% do principal do préstamo ou crédito formalizado.

A concesión das axudas destas bases queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, á da Unión Europea. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos pola Unión Europea.

10. PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia; no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte; e rematará o 30 de novembro de 2010 ou no intre do esgotamento do crédito orzamentario.

Non obstante, para poder presentar a solicitude deberán ter sido notificados da concesión dos apoios establecidos nas bases reguladoras das liñas de circulante avalado para autónomos e microempresas (Plan Re-Solve).

11. INCOMPATIBILIDADES

As axudas financeiras que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axuda de minimis. As axudas de minimis totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos pola Unión Europea.

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

Resolución do 25 de febreiro de 2010 (DOG N°44 do 25/02/2010) - Bases reguladoras

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

Para presentar unha solicitude de axuda, o interesado deberá cubrir previamente o cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>

Para poder presentar a solicitude deberán ter sido notificados da concesión dos apoios establecidos nas bases reguladoras das liñas de circulante avalado para autónomos e microempresas (Plan Re-Solve).

14. OBSERVACIÓNS

Unha vez notificada a concesión da axuda, o beneficiario disporá dun prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para solicitar o pagamento da axuda segundo modelo do anexo II.a.